

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MONDOÑEDO
Edificio	Mosteiro dos Picos
Dirección	Lugar do Formigueiro, s/n. 27747
	43.434038553477485 -7.3802803471456775
Protección	
Descrición	<p>Situado na parroquia de Formigueiro, nun lugar fermoso sobre o val de Mondoñedo, este mosteiro franciscano, do cal non se coñece con exactitude a data de fundación, estivo en pleno auxe no século XIV. De feito, o 25 de abril de 1382, o rei Xoan I outorgoulle un privilexio a este monumento onde fai constar a súa grande devoción por este lugar no que "se acollen moitos peregrinos e romeiros dos que van ao Apóstolo Santiago ..." segundo describe o propio texto.</p> <p>No século XVII, os frades trasládanse por un breve período á ermida de Santo Antonio do Carrascal pero, tras se enfrontar á sé catedralicia, regresan definitivamente aos Picos. Neste mesmo século, realizaríanse importantes obras no mosteiro e, posteriormente, no ano 1715, o Bispo Muñoz y Salcedo sufragaría a construción da actual igrexa de planta rectangular e cúpula sobre o altar maior.</p> <p>Entre os anos 1884 e 1964, os frades Pasionistas habitaron o edificio. Tras a súa partida, comezou o deterioro e declive do conxunto monacal, que conta actualmente cun claustro pechado por tres tramos coa igrexa no cuarto. A igrexa consta dunha nave en 3 tramos cubertos de nervatura gótica, cúpula con lanterna, presbiterio, claustro rectangular de dous pisos con arcos no baixo e xanelas no alto, construído a partires de 1687, cociña antiga e escaleira principal do século XVIII. Fachada principal barroca cun ollo de boi central e unha torre lateral de dous corpos e remate en cúpula.</p> <p>No interior: retablo maior salomónico con esculturas, dous retablos laterais barroco e moderno e cadeirado do coro barroco.</p> <p>O seu nome verdadeiro é Mosteiro de San Martiño de Vilaourente, aínda que popularmente coñéceselle como Mosteiro de Os Picos, debido á vestimenta dos primeiros monxes que o habitaron. A suba ao Mosteiro coñécese co nome de "Calvario" pola existencia dun Vía Crucis.</p>
Campás	3 campás. Tiña unha cuarta que agora está pendurada da capela de San Pedro de Alcántara en Mondoñedo fundida no ano 1737.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	28-10-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	BLANCO LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO (MONDOÑEDO)	1904	58	113
Torre-campanario	Mediana.	BLANCO LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO (MONDOÑEDO)	1905	72	216
Torre-campanario	Santa María de la Asunción	BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)	1886	84	343

Información completa: [Mosteiro dos Picos - MONDOÑEDO \(GALICIA\)](#)

PDF (04-07-2026)